

## 1.3 Presenza en liña e medios telemáticos

Coñecida a base tecnolóxica das asociacións, este capítulo aborda o estudo da presenza en liña deste colectivo, así como as características cualitativas desta presenza e a percepción existente, tanto en positivo como no que se refire a barreiras de acceso.

### 1.3.1 Presenza na Internet


*O 40% das asociacións teñen presenza na Internet a través dunha páxina web. Esta presenza é básica, xa que maioritariamente fornece información xeral e sobre a actividade da asociación.*

*O galego e o castelán están igualmente presentes nestas plataformas, cuns niveis de penetración do 70% aproximadamente en ambos casos; non obstante, o 60% das asociacións declaran que o idioma principal da súa páxina web é o galego.*

*Detéctase, así mesmo, unha proclividade importante á implantación dunha páxina web: o 85% dos que non dispoñen dela cren que se poden beneficiar a medio prazo de tela.*

O 40,8% das asociacións galegas posúen unha páxina web, o que supón unha ratio equiparable á das empresas e superior á dos segmentos de menor tamaño dentro destas.


Se se fai unha clasificación por ámbito de actividade, o resultado é similar ao obtido para o uso de correo electrónico, coa excepción dunha peor posición relativa das organizacións de carácter solidario. O diferencial entre os extremos de penetración mantense nos sesenta puntos porcentuais.



**Figura 12: Asociacións galegas que posúen páxina web en función do tipo de actividade.**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(1)</sup>


Só un terzo destas páxinas web é actualizada con frecuencia como mínimo semanal; case a metade do total non é actualizada tódolos meses.



**Figura 13: Frecuencia coa que se actualizan os contidos da páxina web.**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(1)</sup>


A práctica totalidade das páxinas web das asociacións fornecen información xeral e sobre o seu ámbito de actividade. Aproximadamente a metade permite descargas de documentación de interese, o mesmo que proporciona servizos de participación (foros, taboleiros de anuncios...) tanto para os seus asociados como para o público en xeral.



**Figura 14: Contidos que se poden atopar nas páxinas web das asociacións galegas.**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(1)</sup>

A presenza na Internet das asociacións que dispoñen de páxina web é xa consolidada. O 29,9% dispoñía xa da páxina no ano 2000 e o 65,3% no ano 2003; só o 19,7% téñena creado nos anos 2005 ou 2006.



**Figura 15: Ano de publicación da páxina web das distintas asociacións.**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(1)</sup>


A Táboa 2 ofrece o dato, por ámbito de actividade, da antigüidade media da presenza na Internet das asociacións.

Ano desde que dispón páxina Web	
De veciños	Principios do 2000
Solidariedade	Mediados do 2001
Ideolóxicas-culturais	Finais do 2001
Asoc. de mulleres	Principios do 2002
Económicas-profesionais	Principios do 2002
Xuvenís	Mediados do 2003

**Táboa 2: Data media de implantación da páxina web, segundo ámbito de actividade da asociación.**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*<sup>(1)</sup>

En relación co idioma, o 60,1% das asociacións indicou que o idioma principal da páxina é o galego. En termos globais, a presenza do galego e do castelán é practicamente idéntica, nun 70% dos casos, o que da unha imaxe do carácter maioritariamente bilingüe da presenza na Internet das organizacións. A presenza doutras linguas é escasa.




**Figura 16: Idiomas presentes nas páxinas web das asociacións galegas.**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*<sup>(1)</sup>

Finalmente, obsérvase unha sensibilidade cara á presenza na Internet por parte das organizacións que aínda non están. O 85,2% destas consideran que se poderían beneficiar a medio prazo de dispor dunha páxina web.

Chama poderosamente a atención que o 100% das asociacións xuvenís e de mulleres (tamén as de veciños), que son precisamente os dous ámbitos con menor nivel de presenza na actualidade, perciban ese beneficio. Non parece arriscado concluír que, ante estes datos, moi probablemente sexa a indispoñibilidade de recursos o factor que frea esta presenza. Na sección 1.3.3 incídese neste aspecto.



**Figura 17: Asociacións galegas que non teñen páxina web e consideran interesante dispor dela a medio prazo, segundo ámbito de actividade.**


Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*<sup>(1)</sup>

### 1.3.2 Canles de relación cos asociados e con outras asociacións

*A páxina web e o correo electrónico constitúen importantes canles de comunicación cos asociados nas organizacións que dispoñen destes medios*

*Así mesmo, a cuarta parte das asociacións emprega os medios telemáticos para desenvolver a súa cooperación con outras entidades.*


Excluindo as canles ordinarias (correo postal, teléfono, prensa), a páxina web é a máis empregada polas asociacións para difundir as súas actividades cara aos asociados: seis de cada sete fan uso deste medio. É tamén alto o emprego do correo electrónico, tanto para facer convocatorias de actividades como para difundir boletíns informativos.



**Figura 18: Uso das canles telemáticas polas asociacións galegas para difundir as súas actividades cara aos asociados (Base: asociacións que dispoñen de páxina web).**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*<sup>(1)</sup>


Entre os servizos de participación fornecidos na páxina web cara aos asociados, os de maior nivel de uso son o correo web e os taboleiros de anuncios.



**Figura 19: Nivel de uso dos asociados nos servizos da páxina web (Base: asociacións que dispoñen de páxina web).**

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI<sup>(1)</sup>


O 24,5% das asociacións (o 60,1% das que dispoñen de páxina web) declara empregar a súa páxina web ou ben outros medios telemáticos para a cooperación con outras asociacións. Facendo a distribución segundo ámbito de actividade, obtense un patrón similar aos xa amosados, aínda que son de novo as relacionadas coa solidariedade as que varían a súa posición, sendo neste caso as máis activas.



**Figura 20: Emprego de páxina web ou de outros medios telemáticos para a cooperación con outra asociacións, por ámbito de actividade.**

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI<sup>(1)</sup>

O intercambio de arquivos por correo electrónico é o principal medio empregado polas asociacións para a cooperación entre elas.




**Figura 21: Medios telemáticos empregados polas asociacións galegas para cooperar con outras asociacións.**

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*<sup>(1)</sup>

### 1.3.3 Valoración da presenza na Internet

*A valoración do emprego das TIC é moi positiva por parte das asociacións.  
A principal barreira para non incorporaren en maior medida estes medios é a falla de recursos, tanto materiais como económicos e humanos.*


A valoración positiva do impacto na súa actividade da presenza na Internet e do emprego de medios telemáticos é practicamente unánime entre as asociacións. Un 96% das respostas a esta cuestión cualificárona de moi positiva ou positiva.



**Figura 22: Valoración da presenza na Internet e do uso dos medios telemáticos.**

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI<sup>(1)</sup>

Neste contorno de valoración, por que hai aínda unha importante proporción de organizacións que non empregan estes medios? As principais barreiras citadas para non dispor de páxina web son a falla de recursos materiais, económicos e humanos, por esta orde.



**Figura 23: Motivos polos que as asociacións galegas non dispoñen de páxina web.**  
 Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI<sup>(1)</sup>*